

DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 324/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Contratacións

O Alcalde acorda o seguinte:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Á vista dos seguintes antecedentes administrativos

Documento	Data/Núm.
<i>Memoria da Alcaldía</i>	19-06-2024
Informe de Secretaría	19-06-2024
Informe de fiscalización previa, rc	19-06-2024
Resolución do órgano de contratación de aprobación expedientes y pliegos	19-06-2024
Anuncio de licitación	19-06-2024
Informe de valoración técnica	12-07-2024
Requirimento ao licitador de baixa temeraria	15-07-2024
Informe sobre documentación remitida polo licitador da baixa temeraria	29-07-2024

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de tramitación:	Ordinario
Valor estimado do contrato	Valor estimado do contrato: € 54.638,72 € Orzamento base de licitación IVE excluído: 27.319,36 IVE%: 5737,06 Orzamento base de licitación IVE incluído: 33.056,42
Orzamento de licitación IVE excluído	Orzamento base de licitación IVE excluído: 27.319,36
Orzamento de licitación IVE	33056,42



incluído	
Prazo de execución	de 1 ano , posibilidade de prorroga 1 ano

Lexislación aplicable

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Lei 9 /2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 /UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

Vista a proposta de resolución PR/2024/103 de 2 de agosto de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 2 de agosto de 2024.

En virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLUCIÓN

Esta Alcaldía, ACORDA:

****Primeiro-****Aceptar a xustificación da baixa temeraria recibida por Servizos Galegos de Minusválidos S.L. considerada como válida no informe do técnico municipal con data 29-07-2024 .

Segundo.- Adxudicar o contrato de Servizo de atención e recepción do centro cívico e outros centros municipais nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a: Servizos Galegos de Minusválidos S.L. por un importe de 20.600,00 euros. (IVA) Porcentaxe: 21 %. Importe: 4326,00 euros TOTAL: 24.926,00 euros segundo a oferta presentada , por ser o licitador que maior puntuación obtivo tras a valoración dos criterios de adxudicación establecidos no prego de condicións administrativas por un prazo de execución dun ano .

Terceiro.- Aprobar o gasto correspondente por importe de 24.926,00 € con cargo a aplicación presupostaria :333.227.99.

Cuarto.- Notificar a Servizos Galegos de Minusválidos S.L adxudicatario do contrato, a presente Resolución, coa indicación de que a formalización do contrato efectuarase mediante a sinatura de aceptación da resolución de adxudicación.

Quinto.- Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan así como notificarla a todos os licitadores do procedemento .

Sexto.- Designar como responsable do contrato ao Alcalde do Concello.



Sétimo.- Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Oitavo.- Comunicar *ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

